



PATENTE

## Nó autobloqueable para estructuras despregables

Trátase dun nó que admite a conexión de até catro barras. O nó permite o xiro de todas elas, até que atinxen unha posición en que este movemento queda bloqueado automaticamente.

### Áreas de coñecemento:



Enxeñaría e arquitectura

## Estado de protección da tecnoloxía

Patente con exame previo e número ES 2653648. Data de concesión: 08/08/2018.

Patente dispoñible en: <http://hdl.handle.net/2183/21024>

## Que buscamos?

Búscanse empresas interesadas na licenza desta tecnoloxía.

## Descrición

A invención consiste nun nó autobloqueable para estruturas despregables, que permite o movemento de xiro das barras conectadas mentres a estrutura se está a despregar. Cando as barras atinxen a posición de despregamento, o nó bloquea de forma automática o seu xiro para impedir que a estrutura volva encartarse. Así, non resulta necesaria a intervención manual en cada nó.



OTII

OFERTA  
TECNOLÓXICA

Edificio de Servizos Centrais  
de Investigación Campus de  
Elviña, s/n 15071 A Coruña


981 167 173

[otri.udc.es](http://otri.udc.es)

## Valores engadidos

A principal vantaxe deste sistema radica en que o bloqueo automático evita a intervención humana en cada nó. Por outra parte, o bloqueo de cada unha das barras prodúcese con independencia do das demais barras conectadas ao nó. Este aspecto é fundamental para garantir o bloqueo de todas as barras, aínda que o seu despregamento non se produza ao unísono.

O desbloqueo realízase igualmente de forma moi sinxela, pois só se necesita desactivar mediante rotación un elemento elástico de retención.



## Aplicacións por sector

O seu uso en arquitectura céntrase na área daquelas estruturas despregables e de rápida montaxe en que as barras deban realizar movementos de rotación durante o despregamento, pero os devanditos movementos teñan que quedar impedidos ao se despregar a estrutura completamente. No obstante, non se descarta o seu uso noutros campos, con calquera outro mecanismo que precise unha conexión autobloqueable entre bielas.



Construción e  
enxeñaría civil



## Grupo de Investigación

---

 **Grupo de Estructuras Arquitectónicas (GEA)**

## Responsable

---

 **Juan Pérez Valcárcel**

 **Manuel Muñoz Vidal**

 **Isaac López César**

 **Félix Suárez Riestra**

